



RELACIÓN DOS ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO PLENO CELEBRADO O PASADO DÍA 28 DE SETEMBRO

1. O primeiro dos rogos dirixidos ao Goberno Local foi referido á necesaria colocación de papeleiras no parque infantil e área de esparcemento do Salgueiral, na parroquia de Bamio, xa que non hai ningunha, polo que é bastante frecuente atopar papeis, latas... dentro do recinto do parque.
2. E seguindo cos parques infantís volvemos a insistir e reiterar por enésima vez a imperiosa necesidade de colocar carteis que informen da prohibición de entrar cos cans nos mesmos e de levar adiante algún tipo de actuación dirixida ao control do seu cumprimento. Non cabe dúbida algunha de que se trata dun problema gravísimo que acontece na meirande parte dos parques do Concello e que é preciso erradicar xa, pois estamos ante unha situación que pode chegar a afectar á saúde dos máis cativos quenes non teñen o máis mínimo reparo en tirarse no chan, xogar coa area e incluso ás veces levala á boca, sen esquecer os cheiros que alí se producen.
3. A Asociación de Veciños de Bamio así como outros moitos colectivos desta parroquia viñan utilizando dende hai uns quince anos a Sala de Lectura que hai dentro da Casa de Cultura para a celebración das súas xuntanzas, xa que é o lugar máis axeitado tendo en conta as precarias condicións nas que se atopa este centro. O pasado día 22 dos correntes foille cambiada a pechadura da devandita Sala sen que se cursase ningún tipo de aviso a estes colectivos e sen que lle fora entregada unha copia da nova chave.
O Grupo Municipal do BNG pregunta polos motivos que levaron a facer ese cambio.

4. Outro dos rogos que este Grupo Municipal formulou ía referido á necesidade de repoñer as baldosas que están rotas ou que simplemente xa non están na Praza de Galicia, sen perxucio da proposta moito máis ambiciosa que este Grupo Municipal vai presentar por outra vía para a remodelación e humanización deste entorno.

5. O último dos rogos que se fixeron ía referido á zona na que se están a levar a cabo as obras de construción dunhas naves no lugar de Ande-Rubiáns, preto do Hospital Comarcal, xa que os camións están deixando moita terra tanto pola vía de acceso ao Hospital como pola estrada dirección a Pontevedra, e que coas choivas destes días estase a formar unha enorme fangueira, polo que tendo en conta o transitada que está esta zona, e o perigo que pode representar no tramo de subida e baixada do Hospital, é necesario extremar as precaucións neste senso e esixir á empresa responsable que adopte tódalas medidas precisas que poñan fin a esta situación de tanto perigo.

Vilagarcía, a 29 de setembro de 2006.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG